



PASEOS POLA PONTEVEDRA LITERARIA 2020

NEE BARROS
PONTEVEDRA, GROMO DE TEATRO



asociación de
escritoras
escritores
en lingua galega
www.aeeig.gal



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

PONTEVEDRA, GROMO DE TEATRO

Benvidas, benvidos, benvídes ao roteiro literario *Pontevedra, gromo de teatro*. Hoxe imos aprender como Pontevedra é unha cidade ben máis teatreira do que sempre cremos, e como non podía ser doutro xeito, comezaremos o noso percorrido aquí, no Teatro Principal.



Foi este edificio sempre un teatro? Se estivésemos a finais do século XIII, o que aquí veríamos sería unha obra. Unha construción cos seus obreiros, aos que poderíamos preguntar que fan. Eles responderían que traballan construíndo a igrexa parroquial de *San Bartolomé el Viejo*.



Como xa viaxamos no tempo, o seguinte non será moi complicado. Imos poñer a velocidade a cámara rápida ata o século XVIII. Así veremos como a igrexa vai converténdose en ruínas, ata que o rei dispón o seu traslado para a construción de casas no seu lugar, provocando o enfado do pobo. No século XIX derrubarase definitivamente, funcionando o solar como praza (a praza de Tetuán).

Xa en 1864 comeza a edificarse o teatro case tal e como o coñecemos, mais como parte dun edificio para a Sociedade do Liceo Casino (o que hoxe é a fachada do teatro antes empregábase para carga e descarga do escenario).

En 1900 acollería a primeira proxección cinematográfica en Pontevedra, chegando a funcionar como sala de cine. En 1980 incéndiase, e en 1984 comezan os proxectos de reconstrución ata xaneiro de 1987, cando se inaugurarán definitivamente coas súas características actuais.



Mais, cales eran as obras que se representaban neste teatro? E había xente de Pontevedra que chegou a escenificar algunha obra que aínda coñecemos hoxe en día?

Xoán Manuel Pintos (*desde antes da ponte do Burgo, observamos ao fondo a Rúa Xoán Manuel Pintos e a zona do Burgo onde naceu*)

Na primeira metade do século XIX, cando o teatro estaba derrubado, naceu en Pontevedra (no barrio do Burgo) un autor chamado Xoán Manuel Pintos. Ao comezo deste século, Galiza atravesara unha etapa de mellora e crecemento, pasando do Antigo Réxime ao estado liberal. Porén, non todo dura para sempre, e cara aos anos 30-40 tivo lugar unha profunda crise, que levou á poboación á emigración, o que contribuíu á perda do noso idioma.



Xoán Manuel Pintos, escritor que se conta entre os precursores do Rexurdimento, escribiu case exclusivamente en galego e traballou na súa defensa. Entre a súa obra podemos atopar *A gaita gallega tocada polo gaiteiro, ou sea Carta de Cristus para ir dependendo a ler, escribir e falar ben a lingua gallega, e aínda máis* (1853). Aínda que moitas veces se ten clasificado como poesía, este libro conta sete foliadas nas que a gaita, o gaiteiro galego e un tamborileiro de fóra de Galiza (castelanfalante) dialogan sobre o idioma. Así, o autor establece unha loita contra os prexuizados mesturando latín, castelán e galego. Podemos ler:

Es criminal desidia en los gallegos

No dedicarse a recoger su idioma

Que bien merece algun estudio serio.

Tamén mostra os problemas sociais de Galiza no momento, como era a fame:

Deitouse a fame ó longo nos sembrados

enriba dos centeos, trigos, millos.

Castelao (*Avanzamos cara ao sexto edificio do Museo de Pontevedra*)

Se imos ata finais do século XIX, comezos do XX, atoparemos ao recoñecido Castelao. Ou quizais deberíamos dicir Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao. Xa, antes que digades nada, sei que nacera en Rianxo; mais quería tanto a Pontevedra e viviu tantos anos aquí (20 en concreto) que podemos consideralo un pontevedrés adoptivo.



No Museo de Pontevedra atopamos gran parte da súa obra, que vos animo vaiades visitar. Desde estampas ata caricaturas, pasando por enormes pinturas de cegos. Porén, isto non foi o único que Castelao fixo.

Estando no exilio (1941) estreou a súa famosa peza teatral *Os vellos non deben de namorarse*, considerada unha das obras cumio da nosa literatura, que mesturaba elementos populares e vangardistas e que contiña a famosa canción *Lela*:

*Están as nubes chorando
Por un amor que morréu
Están as ruas molladas
De tanto como choveu (bis)*

*REFRÁN:
Lela, Lela,
Leliña por quen eu morro
Quero mirarme
Nas meniñas dos teus ollos
Non me deixes
E ten compasión de min
Sen ti non podo
Sen ti non podo vivir

Dame alento da túas palabras
Dame celme do teu corazón*

*Dame lume das tuas miradas
Dame vida co teu dulce amor (bis)*
(REFRÁN DE NOVO)

Nela, tres vellos namoran de tres rapazas novas e acaban topando a morte. Nun epílogo atópanse no cemiterio, e desde alí falan do que fixeron e do que lles ocorreu aos vivos. O certo é que tanto o terceiro como parte do segundo lance foron escritos na nosa vila, segundo comentaba o seu propio autor.

Se entramos no Museo, no segundo andar poderemos topar seis máscaras orixinais coas que se representou por primeira vez esta peza, feitas polo propio Castelao.



Bernardino Graña (*Imos ao carón da Ría de Pontevedra*)

Unha das cousas que caracteriza á nosa provincia é o mar. Desde aquí podemos observar a ría. O autor do que falaremos agora está profundamente namorado do mar.



Xa a comezos/mediados do século XX naceu en Cangas do Morrazo Bernardino Graña. Foi un recoñecido autor poético, de narrativa... Mais tamén tivo algunha importante obra de teatro como *Vinte mil pesos crime* (1962), obra en cinco cadros. Nela incorporou á nosa literatura técnicas modernizadoras da Europa do momento, e reflectiu no seu argumento unha sociedade pechada ao exterior.



Nesta época o teatro tivo un pulo moi importante grazas á Mostra de Teatro de Ribadavia, organizada pola asociación cultural Abrente. Nela convocábase tamén un premio: o Premio *Abrente* de Ribadavia para obras teatrais, que Bernardino gañou no ano 1979.

De todos os xeitos, polo que é máis coñecido é pola súa poesía, que lle valeu o título de *poeta do mar*. Para el o mar tivo un valor fundamental. As primeiras historias que escoitou foron de mariñeiros que visitaban a taberna do seu pai, e aínda hoxe vive nunha residencia a carón del. No seu *Poema do home que quixo vivir* (1958) escribe:

O vento díxome cousas

*O vento díxome cousas
Que non atopo nos libros.*

*Resoaba a súa voz no mundo
Igual que un soño perdido.*

*E o mar buscaba unha aperta,
Buscaba un peito ou un niño,
E non atopaba nada
Senón penedos espidos.*

Migallas Teatro (Na Ferraría)



Xa estamos a achegarnos á actualidade, e do que imos falar agora non é dunha autora ou autor, senón dunha compañía que aínda segue en activo e que xoga un papel fundamental para as nosas letras (tamén de Pontevedra). Estamos a falar, por suposto, de Migallas Teatro, formada en 1992 e que xa leva feitas máis de 1500 representacións dende aquela! Máis de 2500 nenas e nenos teñen pasado polos seus obradoiros, e constitúen unha peza fundamental para a dinamización e o amor da rapazada cara ao teatro na nosa lingua.



Migallas realiza un teatro accesible a todos os públicos, e seguramente as coñeceredes polas súas cancións en discos como *Pan de millo* ou *Canta connosco*. Podedes ver algunha delas premendo aquí: <https://www.youtube.com/watch?v=Jq5IK92rSGA> . Este videoclip foi gravado precisamente aquí, na praza da Ferraría. Tamén realizan visitas culturais teatralizadas pola nosa vila, e foron as que crearon e escenificaron o espectáculo *Irmandiños* no 2004, así como a cerimonia de apertura da Feira Franca no 2002. Foi unha cerimonia especial por ser o primeiro pregón teatralizado, levado a cabo por 53 persoas (42 actores e actrices, 5 técnicos e 6 escenógrafos) das que 33 eran da parroquia de Xeve. Ata aquel momento a inauguración consistía soamente na lectura dun texto, pero Migallas introduciu unha tradición que perdura ata os nosos días.

En canto ás súas pezas teatrais, unha das máis coñecidas é *Un avó especial*. Está destinada a público familiar e trata a cuestión do alzheimer desde un enfoque positivo, con toques de humor e reivindicando a sabedoría popular.



O labor de Migallas neste último aspecto é moi importante, xa que contan cunha páxina (A Orella Pendella) na que recollen ditos e frases feitas de toda Galiza (<https://orellapendella.gal/>).

Marta Pazos (*No antigo colexio Los Cerezos*)



Na actualidade temos creadoras e creadores de teatro galego, e non son poucas! Ademais, como quedou demostrado nos últimos anos, o teatro galego non só triunfa en Galiza; a creadora da que imos falar agora é un claro exemplo. Nin máis nin menos que Marta Pazos, nacida en Pontevedra en 1976. De feito, o lugar onde nos topamos, o antigo colexio privado *Los Cerezos*, trátase do primeiro centro onde a creadora asistiu a clase.



Ela dirixe a compañía Voadora, e o seu estilo fundaméntase nunha estética moi visual e plástica, cun papel esencial da música e unha constante innovación. Dirixiu obras para o Centro Dramático Galego, o Teatro Real, o Centro Dramático Nacional... E, como Bernardino Graña, tamén acadou un premio na mostra de teatro de Ribadavia.

Entre as súas pezas en galego destaca *A amnesia de Clío*, primeira gran ópera en galego que foi retransmitida na TVG durante o confinamento. Nela participou a Real Filharmonía de Galicia, o Orfeón Terra A Nosa e un monte de actrices, actores, técnicas, técnicos, bailaríns... Pode verse nesta ligazón: <http://www.crtvg.es/tvg/a->

[carta/a-amnesia-de-cl-o-4413689](#)



Valle Inclán e Federico García Lorca (na estatua de Valle Inclán)

Chegades a este punto do roteiro, no que xa fixemos un percorrido ao longo da historia do teatro en galego mediante autoras, autores e compañías de Pontevedra cidade (ou da provincia no caso de Bernardino Graña), non podiamos quedar sen citar outro autor, que non escribiu en galego mais levou a cabo unha importante obra.

Naceu en Vilanova de Arousa en 1866, e aquí o temos hoxe connosco, ou polo menos a súa estatua. A súa figura foi recoñecida pola creación do *esperpento*, un xénero que consistía na representación de realidades incómodas, sórdidas, desagradábeis, para establecer con elas unha crítica social. Aínda que non escribiu as súas pezas teatrais en galego, si que aparecen con nomes, ditos, lugares, costumes... galegos. E algunha das máis importantes foi *Divinas Palabras* (1919), na que se trata a deshumanización das persoas *discapacitadas* ou con *capacidades diversas*.



E para rematar, farémolo cunha curiosidade. E é que Federico García Lorca, importante escritor e dramaturgo en castelán, chegou a estar en Pontevedra. Non só iso, senón que ten publicados na nosa lingua os *Seis poemas galegos*. Na nosa cidade estivo con *La Barraca*, unha compañía teatral que xirou por todo o Estado Español e levou o teatro clásico ás zonas con menos actividade cultural durante a Segunda República.

Despois de todo isto, e xa para finalizarmos o roteiro, podemos concluír que a nosa boa vila é ben máis teatreira do que normalmente pensamos. Somos semente de teatro, entre nós hai dramaturgas, actrices, escenógrafas... Tan só hai que saber miralas. Quen sabe, igual ti mesma, que estás a ler isto, es a próxima escritora teatral de éxito. Se é ese o caso, déixote aquí para que poidas marchar a traballar na túa obra mestra. Igual se volvemos toparnos noutro roteiro teño que rematar falando de ti...